






A HORTA E O INVERNADOIRO ESCOLAR




Xosé Fernando Filgueira Valverde, fillo da granadina Araceli Valverde e do médico galego José María Filgueira, naceu en Pontevedra o 28 de outubro de 1906 e faleceu, case aos 90 anos, o 13 de setembro de 1996.

En Pontevedra realiza os seus estudos primarios e de bacharelato, trasladándose posteriormente á Universidade de Santiago para seguir os estudos de Dereito, que remata co Premio Extraordinario. Nesta mesma época realiza estudos de Filosofía e Letras en Santiago e Zaragoza, cos que acada a titulación de doutor en Historia.

Traballou como profesor no Instituto de Pontevedra, levando durante moitos anos a súa dirección. Nos últimos tempos da ditadura franquista exerceu de alcalde da súa cidade natal durante nove anos.

Tivo unha actividade cultural moi importante: fundou o Seminario de Estudos Galegos, dirixiu o Instituto Padre Sarmiento e o Museo de Pontevedra, presidiu o Consello da Cultura Galega, foi membro da Real Academia Galega, historiador, arqueólogo e escritor.

Este ano 2015 adícaselle o Día das Letras Galegas polo seu labor a prol da cultura e o idioma galego.



O día 23 de abril celebramos no colexio o Día do Libro. Esta conmemoración celebrouse internacionalmente, por vez primeira, no ano 1995 baixo o patrocinio da UNESCO e a idea era fomentar a lectura, a edición e a publicación de libros así como os dereitos dos autores.

Tamén se denomina este día como Día Internacional do Libro.

No colexio, por vez primeira, conmemoramos este día coa actividade «Padriños e afillados».

En que consiste «Padriños e afillados»? Pois en que cada un dos alumnos e alumnas maiores do colexio lle conta un conto a un dos seus compañeiros e compañeiras menores.

Así que, durante a semana, foron baixando os alumnos e alumnas «padriños e madriñas» cos seus «afillados e afilladas» ao patio do colexio para lerlle un conto de xeito individual. Un auténtico luxo!!

Que libros se leron? Pois de todo tipo: de aventuras, de fantasía, de viaxes, de medo...

Xa quedamos todos citados para o ano 2016 e repetir esta experiencia. Contamos con todos vós: padriños, madriñas, afillados e afilladas. Con todos e todas. Non falledes!



Este curso visitounos Victor, o director da Escola de Música de Arteixo. Un auténtico xenio da nosa música!. Explicounos o funcionamento do acordeón e da gaita. Tamén nos descubriu que algunhas cancións infantís teñen o ritmo de muiñeira como por exemplo a de Doraemon. Que cousas! Cantamos todos xuntos cancións populares galegas, cancións de arrieiro, cancións tradicionais do noso concello... acompañados polas notas da gaita de Victor. Nesta actividade participamos todas as aulas do colexio, de infantil a sexto. Foi unha maravilla. Que se repita no vindeiro curso!



A min gústanme os ordenadores e internet, pero ten algunha desvantaxes, aínda que tamén ten vantaxes.

Primeiro vou dicir as vantaxes que ten.

Ten os enlaces para aprender máis, ten a autoavaliación para saber se aprendimos, tamén ten audios para escoitar poemas, contos e moitas cousas máis. Agora vou dicir as desvantaxes que ten.

Unha cousa que non me gusta é que non podes marcar as cousas máis importantes como nos libros e tes que pasalo a un papel. Outra cousa é que aos nenos e nenas que deixan o ordenador no colexio se lles descarga antes de que remate o horario escolar e tes que mirar polo dos compañeiros ou mirar para a pizarra dixital ou o encerado.

Daniel Valderrábano



O «Proxecto Libro Dixital» consiste en traballar con portátiles e deixar os libros.

Para algúns este proxecto é bo pero para outros malo. Para min é bo porque é moi cómodo para ler e non tes que te levantar para coller un dicionario porque o podes buscar na rede de internet. É como unha enciclopedia pero dixital. Ademais xa non precisas mercar máis libros e os noso pais xa non teñen que gastar máis cartos porque no ordenador están todos os libros que precisamos para as clases.

Naima El Hamdouni



Érase unha vez unha xoaniña chamada Linda.
Chamábanlle Linda porque era moi fermosa.

A pobriña non tiña lunares.

Ela cando saía poñíase un calcetín.

Unha vez a xoaniña chamou ao seu único amigo
e díxolle:

-Tom, teño un problema. Non teño lunares- ex-
clamou Linda.

-Tranquila, eu axudareiche.

Ao día seguinte Tom veu con pintura negra e
píntoulle os lunares á xoaniña.

-Linda, mira que guapa estás -díxolle Tom.

-Iso é verdade! Agora xa podo saír sen ter que poñer
un calcetín.

Logo a xoaniña
saiu fóra e todas as
xoaniñas tiveron
envexa e Linda
comprendeu o sig-
nificado do seu
nome.



Certo día Pedro, Pablo e Xoán estaban voando polo espazo para chegar a clase.

Cando chegaron ao colexio viron que non que non había ninguén.

Miraron por todo o colexio e tamén polo pavillón infinito durante catro horas e despois foron ao baño para ver se estaba alí o rapaz da limpeza: non estaba.

Seguiron buscando polo comedor e tampouco había ninguén.

Ao final decatáronse de que era domingo e fóronse á súa casa e descubriron que seus pais lles montaran unha festa sorpresa e os levaron ao Macdonalds. E alí estaba o seu profesor de inglés que lles dixo: -Tedes un exame de Inglés, agardo que estudiárades.

E os tres a coro:

-Noooooon!!!!

E colorín, colorado, este conto está acabado.





Á Ao gato lle falta unha pata.

N Na pata ten unha venda e o


G gato chegou con tres patas

E e gañou nunha carreira.

L Logo bailou nunha festa.



QUE É O GALEGO PARA 2º C?




Unha das linguas que se fala en Galicia xunto co castelán. Está emparentado co portugués. Podemos escoitalo na TVG, na Radio Galega e tamén lela nos xornais. Óese máis entre os maiores que entre a xuventude, así que temos que falar e escribir en galego porque é a NOSA LINGUA.

Darío Rebón

É a lingua que fala normalmente a xente.

Alejandra



O galego e a lingua que se fala en Galicia. Eu aínda non a sei falar moi ben pero é a lingua materna da miña nai así que teño moitos libros en galego para ler xuntos.

Asier

É un idioma como calquera pero máis bonito. Hai que respectalo e coidalo para que se poida falar xeración tras xeración por todo o mundo.

Luna




Unha lingua moi divertida porque hai palabras moi graciosas. Adoro o galego.

Sara Eirís

É a lingua da nosa terra que serve para falar entre nós. Só se fala en Galicia pero son moitos os escritores que escribiron en galego a súa obra.


Darío Rey



Había unha vez unha familia de polbos formada por cinco membros: Papá e Mamá polbo e os seus tres filliños: Cefa, Lopo e Do.

Vivían nunha pequena cova no medio das rochas, na Bocato-ma. Todos os días saían comer mexillóns, lorchos, ourizos, etc pola zona do Pozote e Sartaña.

Unha mañá moi cedo espertounos un ruído moi estraño, xa que estaban afeitos á tranquilidade e ao son das fortes ondas deste mar. Papá e Cefa foron mirar, e a súa sorpresa foi que alí enriba no monte, había moitas persoas moi ben vestidas, todas de traxe e garabata; viron unha casa alongada de cor branca e fiestras pequeniñas, unha carpa, onde entrou toda a xente, oíronse voces, aplausos e brindes ata que se foron todos nos seus grandes coches con chófer.



A familia Polbo seguiu coa súa vida cotiá, nadando entre pintos, barbadadas, maragotas, robalizas... pola zona do Seixo, a Percebeira e a Becha.

De súpeto, un día apareceron grandes camións e maquinaria; dende aquela os ruídos e explosións foron constantes pola zona do Pío e a Pedra do Cabalo, aínda así Cefa, Lopo e Do, se atrevían a xogar coas burbullas que facían as grandes rochas que os camións guindaban ao mar; e dende o Malpaso mirar para o Castro que levaba asentado moitos anos na Punta de Muros, que está gardado para algún día ser reconstruído.

Co paso do tempo case non puideron saír da súa coviña por mor da gran cantidade de area que por aquela zona se estaba a amorear, e tamén foron vendo como ían desaparecendo todas aquelas furnas e rochas, dando paso a unha gran explanada e un enorme dique no cal se están a construír naves, e cargar e descargar barcos.

Agora viven noutra coviña, no dique artificial fronte o que era a Monte da Canle que desapareceu sendo un gran muro de rochas e deu lugar ao Porto Exterior-Punta Lagosteira.

O mes pasado, Mariña, unha nena de dez anos e co pelo loiro, mudouse a un lugar remoto de Kazajistán.

Seus pais eran moi ricos pero moi aforradores, entón atoparon unha casa velliña e abandonada e decidiron quedarse alí.

Cada noite, Mariña escoitaba sons estranos, pero unha noite escoitou un que viña de debaixo da cama e lle entrou moito medo.

Así que decidiu chamar aos seus pais por se acaso.

-Papá, mamá, escoitei un son moi raro que viña de debaixo da cama.

-Mariña, iso serán imaxinacións túas xa que non pode ser máis ca o vento ou algo que se rompeu. Non cres?

-O que di a túa nai é certo. Veña, imos ver que pasa. Así quedas máis tranquila.

Pero cando foron mirar xa non se se escoitaba nada e así continuamente.

Un día pola noite, cara as doce, unha voz lle empezou a falar. Díxalle que se fora desa casa porque se non se ía ao día seguinte ás doce da noite, pasaríalle algo malo.

A Mariña entroulle moito medo e tivo que convencer a seus pais. Tras intentalo e intentalo varias veces conseguíuno.

Dende aquela non se volveron mudar a ningunha casa máis e para celebralo seu pai mercoulle un algodón de azúcar azul.



Anxo é un neno de seis anos que vive cos seus pais e a súa avoa Lola nun pequeno pazo ás aforas do pobo.

Dende hai tempo Anxo ten un segredo, contoullo ao seu mellor amigo da escola, a Antón, pero este tomoullo a risa e xa non quixo contarlle a ninguén máis.

Dende os tres anos, de cando en vez, por unha regaña que ten a porta do seu cuarto, ve unha pantasma que se pasea pasillo abaixo e arriba rebrilando branco na escuridade.

Leva un hábito branco e unha melena branca tan longa e case lle chega ao cu. Anxo non sabe se ten pés ou cara porque a regaña non lle deixa ver máis. El é valente pero non tanto como para abrir a porta.

Tampouco ten moi claro se é unha pantasma ou un espírito porque non coñece a diferenza, pero como diría a avoa Lola, non parece deste mundo.

Anxo oiulle a seu pai que a súa familia sempre viviu na mesma casa, que xa vivían alí os tataravós de seus avós, de modo que el pensa que a súa casa debe ter ao menos mil anos ou máis e a pantasma debe ser algún tataravó de seu pai.

Hoxe é sábado, mañá non hai colexio e Anxo tarda un pouco máis en irse á cama. Pensa agardar por se a pantasma aparece pero a súa nai llelle un conto e Anxo, rendido, adormece axiña.

Mentres, a avoa Lola no seu cuarto xa se espiu, xa puxo o camisón, soltou o moño e peiteou a súa longa e branca melena.


Xa se metía na cama cando, de súpeto, lembouse de algo, ruchou os beizos e marmurou: -Válgame o demo! xza vin outra vez para a cama sen tomar a pastilla da tensión.

A amodiño, sen acender a luz para non espertar nin amolar a

Anxo, saiu do cuarto e percorreu o pasillo para baixar á cociña a tomar a pastilla



Este conto ocorreu nun pobo de xunto as montañas. Os habitantes deste pobo estaban moi enoxados con paxariños porque lles comían as froitas e as sementes das colleitas e sen contar co ruído que facían. Así que decidiron botalos a todos. Puxeron espantallos por todos os lados, tiraron moitos foguetes e fixeron tronar as campás ata que os espantaron tanto que non quedou un só paxaro no pobo. O pobo quedou en silencio e ao mesmo tempo triste. Foron pasando os meses e chegou a primavera, non se oían os cantos dos paxariños nin a súa alegría. O peor foi que xunto as colleitas dese ano tamén se perderon as froitas polos vermes e as outras colleitas por outras pragas. A xente do pobo decatouse que fora como fora os paxariños non tiñan a culpa. Todos estamos no mundo para cumprir a nosa función, todos somos necesarios. Así que os veciños decidiron botar moitas sementes nos campos para eles e para os paxariños. Quitaron os espantallos e celebraon unha festa todas as primaveras onde todos tiñan cabida. A alegría volveu ao pobo e todos foron máis felices... e tamén os paxariños!!



Tono era un oso moi grande que vivía a uns pasos dun tranquilo e cristalino río. Ademais de gran tamaño o seu estómago non tiña fondo. Comía e comía todo o día e nunca se vía farto.

Ano tras ano, cando se achegaba o momento no que os salmóns tiñan que pasar polo tramo do río onde o oso tiña o seu fogar para deixar os seus ovos no lugar onde desexaban que naceran os seus fillos. Tono relamábase de gusto. Os pobres salmóns estaban aterrorizados pensando que os ía papar a case todos por mor do seu gran apetito e a súa habilidade para caza-los.

Toño, pola súa parte, preparábase para o gran banquete que se achegaba: centos de salmóns que ían pasando uns detrás dos outros dereitos á súa boca que os estaba agardando.

Nembargantes, este ano os salmóns estiveron pensando e pensando como poderían pasar polo territorio do oso sen que os collera. Os máis vellos sabían o refrán «A unión fai a forza», pero non sabían como podían usar a forza para escapar das poutas do oso.

Prantexáronse varias ideas pero ningunha era suficientemente boa. Por fin un salmón chamado Crispín pro-

puxo que en vez de ir pasando un a un por xunto o oso faríano todos xuntos e dando saltos no aire con moita forza contra o oso. Así, axudados polo movemento da forte corrente da auga do río, conseguirían que o oso perdera o equilibrio e caera para atrás. aproveitando a confusión da caída poderían pasar rápidamente e afastarse polo río arriba. Fixeron todo segundo o planeado e ese ano conseguiron cruzar o territorio de Tono sen que case ninguén fora apresado.

Esta e ningunha outra é a historia dos famosos saltos dos salmóns que todos podemos contemplar cando imos ao río. Foise transmitindo de pais a fillos e historia do osos e a idea de que para afrontar o perigo tiñan que dar grandes saltos hacía arriba. Esquecéuselles de contar ás novas xeracións que tiñan que saltar «todos xuntos». Se non se esqueceran deste pequeno detalle aos salmóns non habería quen os pillase.



**ESTE CURSO OS DE INFANTIL,
DE FROITAS E DE VERDURAS,
ENERXÍA, TEMOS MOITA,
NON DIGAS QUE SABEN MAL.
PORQUE XA TODOS SABEMOS
OS DE INFANTIL CHE DICIMOS:
O BOA QUE ESTÁ A FROITA!!
VIVA O MUNDO VEXETAL!!**



6º INFANTIL

**TOMAMOS PLÁTANO E PERA,
LARANXA E MAZÁ TAMÉN.
CADA DÍA UNHA DISTINTA...
E TODAS CON BOA PINTA!!**



**MOITO GUSTARON AS FROITAS,
DERON GANAS DE PINTAR;
LARANXA, MAZÁS, LIMÓNS...
MIRADE QUE BODEGÓNS!!**


NESTE MUNDO VEXETAL!

4º INFANTIL



E PARA SEGUIR MEDRANDO
CON ALIMENTOS TAN SANS,
FOMOS AO INVERNADOIRO
A PLANTAR COAS NOSAS MANS.

5º INFANTIL



LEITUGA E AMORODOS,
CENORIAS E MÁIS PEMENTOS...
SACHAR, COIDAR E REGAR,
E XA NOS TOCA APAÑAR!!

Sabela estaba moi, pero que moi contenta porque hoxe chegaba o seu curmán Hugo para pasar uns días na súa casa. Hugo vivía en Madrid, e nunca visitara A Coruña, entón Sabela e os seus pais tiñan preparada unha sorpresa. Levarían a Hugo de excursión! Pero a Hugo non lle fixo moita graza...

El prefería quedar na casa xogando con Sabela na Nintendo a Mario Bros.

-Non, Hugo, dixo Sabela, xa verás que ben o imos pasar, fai-me caso...

A mañá seguinte dixolles Luisa, a mamá de Sabela:

-Arriba, rapaces, a poñerse guapos que nos vamos de paseo.

O primeiro que lle querían ensinar era a Torre de Hércules e alá foron.

-Guau! -dixo Hugo- imos subir ata arriba, hai ascensor?

Sabela botouse a rir e díxolle:

-Non, Hugo, temos que subir polas escaleiras... Cántas escaleiras son, papá?

-Son duascenas trinta e catro-dixo Manuel, o seu pai.

E... unha... dúas... tres... comezaron a subir, e mentras subían Manuel dixolles:

-Conta unha lenda que un heroe grego chamado Hércules chegou a España na busca do xigante Xerión. Cando se atoparon, o enfrontamento durou tres días e tres noites, por suposto gañou Hércules. Cortoulle a cabeza, enterrouna na beira do mar, e alí mesmo se construíu un faro. Preto deste faro fundouse a cidade da Crunia, nome da primeira muller que habitou o lugar e da que Hércules se namorou.

A Hugo e Sabela encantoulles a historia. E sin decatarse xa estaban no alto da torre.

-Papá, podemos sair ao miradoiro?



-Si, pero non fagades moito ruído, non sexa que espertemos ao xigante.

E dende alí arriba poideron ver unha impresionante vista da Coruña e do Océano Atlántico, mentras o vento soplaba con moita forza. Estiveron alí un bo anaco e decidiron baixar.

-Unha, dúas, tres, catro... e así ata duascenas trinta e catro.

Despois foron á Casa dos Peixes onde coñeceron a Gastón, a famosa quenlla, e varios peixes máis. Pero iso é outra historia que contaremos noutra ocasión.

Tomaron uns xelados e foron para casa.

Chegaron tan cansos que non quixeron nin cear. Foron dereitiños para a cama. Eso si, antes de se durmir, Hugo susúrralle ao oído...

-Sabes, Sabela? Tiñas moita razón, foi un día moi divertido e vin moitas cousas fermosas.

Sabela xa non contestou, dormía coma un tronco.

UXÍA VARELA
FRAGA, 4º C
MÓNICA FRAGA
FERNÁNDEZ

OS CATRO LOBOS

DEBUXO: IVÁN, 3º C



Había unha vez catro lobos que todas as noites entraban nos galiñeiros e comían as galiñas, ata que un bo día foron a Mos. Mos é a aldea onde atoparon as galiñas máis sabedoras de todas. Noite tras noite atacaban os galiñeiros, ata que o granxeiro lles puxo unha trampa. Ao día seguinte estaban atrapados e decidiu levarlos ó veterinario, alí puxéronlle unha vacina para non comer galiñas, despois o granxeiro

quiño poñelos de gardians na súa granxa. Nunca máis lles volveu facer dano.



Había unha nena chamada Sofía, a cal seus pais e amigas chamaban Sofi. Sofi tiña nove anos e sempre celebraba o seu aniversario na casa.

Cando era o seu aniversario invitaba a todos os seus amiguiños do colexio ademais dos seus curmáns e demais familia, e xuntos pasábano moi ben xogando e comendo larpeiradas, pero o que máis lles gustaba a todos e que na festa de Sofi sempre viña un pallaso que lles facía rir moito, todo era maravilloso, agás unha cousa, que o pai de Sofi sempre chegaba cando xa estaba rematando todo, e Sofi sempre lle preguntaba, por qué non viña antes e el contestáballe que non podía porque tiña que traballar, pero Sofi andaba coa mosca detrás da orela porque o seu aniversario sempre era o domingo e o seu pai nunca traballaba os domingos.

Pasou o tempo e un día cando Sofi rebuscaba nunhas caixas na garaxe atopou un disfraz de pallaso; foi entón cando caeu na conta que aquel pallaso que tanto os facía rir era seu pai. E púxose máis contenta aínda.

Sofi seguiu disfrutando daquel pallaso, sen contarlle nada a ningún.



Érase unha vez un pequeno coelliño que vivía na granxa da avoa María, era de cor marrón e moi suave; con él vivían outros coelliños, brancos, grises, negros... e todos eran moi felices. Nesta granxa había ademáis galiñas, galos, un quico e un porco moi grande, chamado o Porco Voador... sí amigos, chámanlle así as nenas da casa.

María, Lara e Laura son tres curmáns que se levan moi ben e veñen todas as fíns de semana a coidarnos, acariciarnos, darnos de comer verzas e a xogar conosco.


Un domingo que a familia saíra de paseo o avó Eduardo foi o único que quedou na casa e el viu o que vos vou contar: todos estabamos disfrutando na granxa dun día soleado e tranquilo, cando o gran porco decidiu que ía escapar, e cal sería a nosa sorpresa cando vimos que dun salto cruzou o valo que nos separa da estrada, o avó quedouse sorprendido e rápidamente foi buscalo para protexelo dos coches; de aí lle vén o nome de «Porco Voador». Despois disto os avós tiveron que construír un valo máis grande e as nenas que son moi listas tiveron unha gran idea:

-Témoslle que dar máis de comer ao porco – dixo Lara.

-Por qué? - responderon Laura e María, que non a entendían...

- Porque se come mais engondaranlle as cachas e xa non poderá saltar o valo - dixo a pequena Lara, que é moi lista, mentres as curmáns xa estaban preparando un gran cubo de comida para o noso amigo.

Son moi listas estas nenas e ogallá todos os animalíños tiveran casas nas que foran tan felices.



ABRIL CAMPO
VÁZQUEZ, 3º C
ROSA VÁZQUEZ
PASEIRO

A AVOA MANOLA

DEBUXO: AARÓN HERMIDA DALMAU, 3º C

Eu non recordo á miña avoa porque ela morreu cando eu tiña cinco meses, pero teñoa moi presente por algo os meus pais me chaman Manolita porque dicen que son cuspidiña a ela e non tanto no físico senon na miña forma de ser. A miña avoa era moi garimosa, moi mimosa, moi alegre e divertida, gustáballe cantar e bailar e sempre contaba que cando era moza alguén a quería levar a cantar a Radio Ferrol.

Eu son igual!

Pero a miña avoa se por algo era coñecida era polo seu carácter, ademáis de ser alta e forte. Cando meu pai e o seu irmán eran pequenos ningún neno se atrevía a meterse con eles porque eran...os fillos de Manola!.

E cando xogaban ao fútbol, a avoa saltaba ao campo e non lle costaba nada agarrar pola pecheira ao arbitro e darlle unha boa meneada ao tempo que lle decía:

-Ti, fillo da fame e neto da sede...!, mentras meu pai morría de vergoña.

É unha pena que non viva porque as dúas pasaríamolo moi ben sabendo o ilusionada que estaba coa súa única netiña. Sería estupendo!.



PABLO CASTRO
CANOSA, 6º INF.
ISABEL CANO-
SA

UNHA GRAN FAMILIA

DEBUXO: DAVID VEIGA ABEL, 4º C

Vivía nunha aldea moi pequena un granxeiro ó que lle gustaban moito os animais. Tiña moitas galiñas e todas tiñan nome. Berta, Casilda, Pepa, Susi, Rebeca e Petra. Tamén tiña dous gatos, coellos,



porcos, pero o máis gracioso de todos era Marcelino. Así se chamaba aquel can tan perezoso que pasaba o día durmindo, comendo e vendo como o granxeiro Pedro acababa o día esgotado de tanto traballo.

Un día, mentres recollía herba, levou un golpe e tivo que estar na cama uns días.

-Nada de traballar- díxeralle o médico. Os pobres animais estaban todos moi tristes, pero sobre todo Marcelino. Aquel día estivo vixiando a granxa sen parar, coidando das galiñas, dos coellos, dos gatos, dos porcos... Estaba esgotado. De repente era o can máis obediente, traballador e responsable do mundo enteiro. Ninguén podía crelo. Cando o granxeiro se recuperou todo era máis fácil, pois tiña a axuda do seu amigo Marcelino, que lle botaba unha man en todo. Dende entón todos o querían e respetaban moitísimo, por iso decidiron facerlle unha gran festa para celebrar que por fin eran unha gran familia.



Érase unha vez un can chamado Velaquí; como vemos o nome do can non era moi buscado; é que o seu dono era tan preguiceiro que nin un nome discurrira para o seu can. Pero así como o dono era preguiceiro o can era todo o contrario. Pois cando ía co rebaño de ovellas o dono sentábase a botar unha soneca mentres Velaquí coidaba as ovellas. Sobre todo de que as ovellas non fixeran das súas porque eran moi brincadoiras. Elas sempre querían ir á leira do veciño a facer moitas trasnadas. Pero Velaquí xa as tiña máis que dominadas.

Menos un día que unha das ovellas doulle un gran susto.

Resulta que unha das ovellas decidiu disfrazarse de lobo. UFF!! Que susto levou Velaquí, que comenzo recoller as ovellas a todo meter, mentres o dono estaba aínda moi dormido, pois seguía coa súa soneca.

O pobre can contaba e contaba, pero nada.

E de súpeto, por detrás de Velaquí, apareceu un lobo o cal empezou a enfrentarse ao can. Ata que Velaquí lle deu unha trabada e rompeulle o disfrace á ovella.

Sorpresa!, era a ovella que faltaba. Que alegría levou Velaquí ademais do enfado coa ovella. E mentres tanto o dono espartou e como non viu as ovella foise para a casa, e cando veu a Velaquí na casa e as ovellas no curral, felicitou a Velaquí.




Máis eu tamén teño algo que dicir sobre a historia do meu irmán. Esta lenda sobre o famoso río chamado Albarelos xa foi contada hai moitos anos polos avós dos meus avós.

O conto é que ese río que pasa pola miña aldea nace nunhas altas montañas cheas de neve durante todo o inverno. Seu pai é un nubarrón gris o cal ten un bigote respingón, a nai é unha montaña moi bicuda e de moita altura por iso non se lle ve moita vexetación.

O río facía un percorrido bastante longo por unhas pendentes moi pronunciadas parecidas aos cantís que hai na costa. Levaba unha velocidade esaxerada, pero chegaba ao pé da montaña e as súas augas se calmaban para descansar. Así é coma o río empezaba a lairse xa que a monotonía apoderábase del.

Encontrábase só sen futuro ou mais ben cun final moi triste xa que as súas augas se ían xuntar con outras descoñecidas moito máis poderosas e fondas. Unhas augas que cobren gran parte do noso planeta chamadas «mar». Neste intre xa nos esqueceríamos do famoso río que naceu nas montañas da miña aldea e só deixaría atrás esas ondas de espuma que a todos nos son tan coñecidas.

Máis esta espuma foi a que lle explicou ao río que nada se fai por facer, que con el se xuntarían outras augas doutros lugares insospeitados, doutros países e se farían unha soa que entre elas habería unha amizade a cal sería sempre e que unhas aprenderían moito das outras.



Había unha vez un cocho que se chamaba Manoliño, e o seu dono chamábase Don Martiño.

Un día foi ó prado e alí encontrouse con cinco cochas fachendosas.

Chamábanse Lola, Carmela, Pita, Pepita e Rabuda.

O cocho Manoliño estaba moi alegre, non sabía por quen decidirse para moza, daquela o correuselle facer unha festa e así coñecerlas mellor. Pasárono moi ben e ao rematar o día Don Martiño foine buscar. El non quería marchar porque aínda non decidira a que moza quería, así que lles dixo ás súas amigas que mañá volvería.

O día seguinte volveu ao prado, pero non había ninguén. Alí estivo agardando ata que viñeran. Cando chegaron, todas correron hacia el. Daquela el díxolles que non podía decidirse por ningunha xa que todas eran moi guapas, pero que se elas querían podía ser o mozo de todas, elas aceptaron encantadas e todos os días no prado facían festa.



Era venres, o último día de clase, Chispa, a coelliña e Lola, a gatiña érguense moi ledas e nerviosas: Hoxe é o festival de baile!! Chispa leva moito tempo ensaiando e só quere gañar, mentres que Lola só desexa pasalo ben e rirse moito cos seus amigos.

-Xa nos vai tocar, dixoo Chispa xa no salón de estudos.

-Só espero que me saia moi ben e gañar, quero que todo o mundo saiba que son a mellor!!, espeta Chispa de novo.

-Un, dous, tres, xa!- Lola animámas a saír á pista. No medio do baile Chispa esvara e cae ao chan.

-Oh, cáin, xa non poderei gañar!, Xa non serei a mellor.

Rematou o festival e as dúas amigas volveron á casa, pero

Chispa choraba moito, por non saber facelo ben, pero a súa amiga Lola animábaa. De repente atopan un can e Lola axústase moitísimo e comeza a tremer. Chispa sobreponse e comeza a dar voltas arredor do can rápidamente, e a saltar por riba del, era case coma se estivese bailando, pensou cun sorriso. Grazas a iso o can escapou e Lola dálle as grazas e unha aperta. Chispa non foi a mellor en baile pero foi a mellor amiga, que é moitísimo máis importante.



Brais durmía cando dous pequenos monstriños entraron ás agachadas na habitación.

Cóxegas e Polbiño, que así se chamaban, acostumaban a meterse nas habitacións dos nenos polas noites para xogar cos xoguetes dos rapaces.

Cóxegas era o máis pequeniño; tiña pelo de moitas cores por todo o seu corpo e nunca, nunca, andaba sen o seu sombreiro gris.

Polbiño, de cor violeta, verde e vermella, tiña tres ollos; e as súas pernas eran dous raxos.

-Mira Polbiño! Que coche tan bonitooooo! – berrou Cóxegas.

-Shhhh! Silencio; non berres- dixo Polbiño en voz moi baixa- xa sabes que se un neno esperta e o asustamos perderíamos as nosas cores; voltariámonos de cor escura e tornariámonos xigantes. Seríamos uns monstros horrorosos!

Nisto a Cóxegas caíuselle o coche ao chan. Fixo tanto ruído que Brais espertou.

-Aaaaah!- Berrou -
Quen sodes vos?.
Os monstros comezaban a facerse grandes, grandes e a voltar de negro.
-Non te asustes; só queríamos xogar cos teus xoguetes-
dixo Polbiño.



Brais decatouse

de que eran uns monstriños bos; comezou a rir e deulles unha aperta moi grande.

A Cóxegas e a Polbiño voltáronlle as súas cores e fixéronse pequenos outra vez.

Dende aquela os tres fixéronse moi amigos e de cando en vez os monstriños visitan polas noites a Brais.


(Aaaaah; xa me esquecía: se algún día atopádesvos con algún xoguete fora do seu sitio, seguro que os nosos amiguiños estiveron na vosa habitación.

E lembrade: Non vos asustedes!, só queren xogar.)

Para participar no Euroconcurso só tes que ler a revista, cubrir os pasatempos, recortar pola liña e introducir esta folla no monstro azul do recibidor do colexio. O agasallo será... unha sorpresa modelo verán 2015. Rápido e... sorte!

LABIRINTO

Que camiño ten que seguir Xosé Filgueira Valverde para chegar ao Museo de Pontevedra?




NOME E APELIDOS

CURSO

O ENCRUCILLADO TERRIBLE

Despois de ler a revista, non terás problema en solucionar este encrucillado. Ah, podes pedir axuda. Sorte, de novo!



- 1.- Un dos tres superheroes da escola.
- 2.- Colocárono os veciños para espantar aos paxaros.
- 3.- Nome da xoaniña sen lunares.
- 4.- Nome do oso que cazaba salmóns no río.
- 5.- Localidade galega onde están as galiñas máis sabedoras.
- 6.- Segundo apelido do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano 2015.
- 7.- Seu pai traballaba de pallaso.
- 8.- Material do que está feito o poema dos rapaces e rapazas de 1º C.
- 9.- É o director da Escola de Música de Arteixo.
- 10.- Unha planta que cultivaron os rapaces e rapazas de infantil no invernadoiro.
- 11.- É a curmá de Hugo. Xuntos visitaron a Torre de Hércules.
- 12.- O porco que quería ter cinco mozas ao mesmo tempo.
- 13.- Nome da coelliña amiga de Lola, a gatiña.





COMENDO FROITA NO COLEXIO

